

CONSELLOS PRÁCTICOS PARA A REALIZACIÓN DAS PAU

Durante o Curso

- ✓ Desde o principio hai que tomarse en serio o Bacharelato.
- ✓ Desenvolve hábitos de vida saudables (alimentación, descanso, deportes).
- ✓ Planifica e organiza tanto o tempo de estudo como o tempo libre
- ✓ Non vale o atracón dos últimos días. É importante estudar todos os días.
- ✓ Utiliza estratexias de estudo como o subliñado, anotacións á marxe, mapas conceptuais, esquemas..
- ✓ Le prensa e escoita as noticias para estar informado dos acontecementos relevantes que sucedan no mundo. En moitas ocasións, os textos dalgúñas probas estiveron relacionados con cuestións de actualidade.
- ✓ Ir a clase ata o último día porque se explican detalles para afrontar as probas, termínanse os temarios e repásase.
- ✓ Os teus profesores poderán facilitarche exemplos de exames de convocatorias anteriores

Os días previos ás probas

- É importante facer un plan de estudo organizado.
- Non se trata de estudar moito senón de aproveitar o tempo que dediques.
- Procura facer moitos exercicios para adquirir fluidez á hora de explicar os problemas.
- Ten nun sitio visible os datos sobre os días, lugar, horario: pregunta no teu instituto varios días antes por se houbo algún cambio de última hora.
- Non te presentes ao exame co estómago baleiro, quédanche moitas horas por diante.
- Leva bolígrafos de reposto e rotuladores de cores para subliñar.
- Sal con tempo de casa.
- Non esquezas a documentación necesaria: resguardo do papel da matrícula, DNI.
- Queda con algún compañeiro para saír xuntos o primeiro día da proba. Evitarás descoidos de horas e datas.

Na realización da proba

- Le coidadosamente todas as opcións e preguntas. Pensa nas respostas a cada unha, de xeito xeral. Só entón estarás en condicións de elixir.
- Fíxate nas palabras claves para comprender exactamente o que se pide: analiza, clasifica, explica, enumera.
- Cando se presentan varias opcións, pénsaas ben antes de decidirte.
- Fai un esquema mental ou na mesma folla do exame antes de empezar a escribir.
- Contesta ás preguntas na mesma orde no que están expostas. Non esquezas que a maioría das veces existe unha orde lóxica entre elas.
- Recorda que cunha boa presentación do exame tes moito gañado. Procura unha letra clara e lexible.
- Evita os tachóns.
- Coida moito a ortografía e a acentuación. A présa e os nervios poden levarche a cometer erros.
- Á hora de corrixir valórase máis a calidade que a cantidade e a lóxica que a orixinalidade.
- Non te obsesiones co tempo ou o papel. Se tes as ideas claras e ben estruturadas, non che faltará tempo
- Recorda que debes realizar un total de 6 exercicios. Debes entregalos todos, aínda que estean en branco.

¡¡ANIMO, DO 85 Ao 90% DOS ALUMNOS PRESENTADOS APROBAN!!